

<b>OBRADOIRO: CONTABILIDADE PARA O EMPRENDIMENTO COOPERATIVO</b>					
<b>DATA INICIO</b>	26/07/16	<b>DATA FIN</b>	29/07/16	<b>DURACIÓN</b>	20 horas
<b>HORARIO</b>	De 9.30 a 14.30 h				
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	Centro da Rede Eusumo na Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía, en Vigo. R/ República Arxentina, 18-A, Vigo				
<b>Persoa de contacto</b>	<b>Nuria González Rodríguez</b>	<b>teléfono</b>	<b>986 136 592</b>		
		<b>e-mail</b>	<b>nuria@ugacota.coop</b>		
<b>OBXECTIVOS:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mostrar desde o punto de vista práctico que é e para que serve a contabilidade nun proxecto cooperativo.</li> <li>- Coñecer o proceso contable e a súa relación co resto de ámbitos da empresa cooperativa para a toma de decisións.</li> <li>- Capacitar as persoas emprendedoras para empregar ferramentas contables de xeito previsional.</li> <li>- Interpretar os principais estados financeiros e coñecer ferramentas e recursos de apoio na xestión contable.</li> </ul>					
<b>PROGRAMA:</b>					
Módulo 1.- A contabilidade: definición, utilidade, normativa xeral e específica					
Módulo 2.- O ciclo e os procesos contables. Principais estados económico-financeiros					
Módulo 3.- A contabilidade de custos e a determinación dos prezos					
Módulo 4.- A contabilidade previsional e a toma de decisións. Ferramentas e recursos					
<b>CONTIDOS:</b>					
<b>1º sesión.-</b> Presentación de Ugacota e da Rede Eusumo. A contabilidade: Que é? Para que serve? Quen está obrigada/o a levala?. Principal normativa que a regula. Plan Contable PEMES e orden EHA/3360/2010					
<b>2º sesión.-</b> O proceso e ciclo contable. A operativa contable: masas patrimoniais, asentos, contas, libros. Os principais estados económico-financeiros. Análise de balances e contas de perdas e gaños. Exercicios e dinámicas.					
<b>3º sesión.-</b> A contabilidade analítica ou de custos. Custos fixos e variables, custos directos e indirectos, cálculo do punto morto. A importancia da contabilidade de custos na determinación dos prezos.					
<b>4º sesión.-</b> A contabilidade previsional como ferramenta para a toma de decisións: contas de resultados previsionais e tesourería previsional. Ferramentas e recursos para apoio nos procesos contables: manuais, formación, ferramentas e software de contabilidade.					
<b>METODOLOXÍA</b>					
Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. Exercicios e dinámicas co emprego de follas de cálculo. A acción formativa configúrase en 4 sesións de 5 horas de duración cada unha.					
<b>EQUIPO DOCENTE</b>					
Formado por persoal técnico con contrastada experiencia en asesoramento cooperativo e docencia					
<b>DIRIXIDO A</b>					
Persoas con ideas empresariais para ser desenvolvidas de xeito cooperativo preferentemente. Grupo mínimo: 12 persoas, grupo máximo 20 persoas.					